

Mércores, 20 de abril de 2022

Núm. 75

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESURES

Persoal, oposicións

CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE EMPREGO DE UN/A EDUCADOR/A FAMILIAR COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE CARÁCTER NON ESTRUCTURAL POR PROGRAMAS

CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE EMPREGO DE UN/A EDUCADOR/A FAMILIAR COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE CARÁCTER NON ESTRUCTURAL POR PROGRAMAS DO CONCELLO DE PONTECESURES, publicada no BOP núm. 62 de data 30 de marzo de 2022.

A base terceira apartado c) da convocatoria esixe como titulación requirida para participar na convocatoria a seguinte: “estar en posesión do título universitario de Grado en Educador/a Social ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

Dadas as reiteradas consultas sobre os títulos equivalentes ao de Educador/a Social que habilitan para participar na selección, e de conformidade co previsto no art. 109.2 de la Ley 39//2015, de 1 de octubre, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, apreciado erro material e de feito no contido da citada base, procédese á súa rectificación nos seguintes termos:

“c) estar en posesión do título universitario de Grao ou Diplomatura en Educación Social, Licenciatura ou Grao en Psicoloxía, Licenciatura ou Grao en Psicopedagogía, Licenciatura ou Grao en Pedagogía, Diplomatura ou Grao en Traballo Social ou estar habilitado/a polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

O prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación de esta corrección de erros.

Asdo.- Juan Manuel Vidal Seage.

Alcalde-Presidente do Concello de Pontecesures.

(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: JRO6LWQLV63UW8P

